

Bos días, familias:

Xa rematamos a parte do proxecto “SOMOS DIFERENTES, SOMOS IGUAIS”, que correspondía a este curso. A pare de SOMOS IGUAIS, traballarémola en 2º, investigando o corpo por dentro.

Así que imos comezar proxectos novos. Estando cada un nas súas casas é difícil facelo en forma de proxecto cooperativo, pero vos propoño un proxectiño de investigación para esta próxima semana de **Ciencias Naturais: AS PLANTAS**.

Non é necesario profundar demasiado, pois este curso estudamos en profundidade os animais, e o próximo farémolo coas plantas.

Podedes facelo libremente, ou podedes seguir as pautas que vos deixo aquí. Tamén deixo algunas fichas, xa que haberá familias con acceso a plantas no xardín, horta,... e outras que non teñan. Tendes total liberdade. Como van as legumes ou allos que plantastes? Espero que ben.

CONSELLO: A parte de repaso e ideas previas pode ser de forma **oral ou escrita**, o importante é que o pasen ben co que fan.. Se o fan oral, ide recollendo vós o que van dicindo. Pero non esquezades que todos os días deben escribir algo.

REPASO: isto xa o falamos cando comezamos cos animais:	Exemplo de respuestas:
• Cales son os Seres Vivos?	<i>Mínimo:</i> animais e plantas <i>Máximo:</i> fungos, algas, bacterias...
• Cales son características dos seres vivos?	Nacen, aliméntanse para crecer, reproducense e morren
• Diferenzas entre plantas e animais?	<i>Mínimo:</i> animais desprázanse, plantas non <i>Máximo:</i> animais necesitan oxíxeno e botan dióxido de carbono (respiración) e as plantas ao revés (fotosíntese), áinda que tamén fan a respiración.
COMENZO DO PROXECTO: A partir de aquí, xa podedes comezar a investigar	Propostas para investigar. Centrádevos no que queirades INVESTIGAR. Non tendes que facer todo. Podedes facelo en forma de mural, libriño ou calquera outra
IDEAS PREVIAS: • Que sabedes das plantas?	Partes das plantas: Teñen raíz, talo ou tronco, follas, flores, froitos vídeo Máximo: que función ten cada parte. Partes da flor: corola con pétalos, cálix con sépalos, estames e pistilo xogo ficha Máximo: función de cada parte
PROXECTO • Que queredes saber?	Como se reproducen? Reproducción sexual: Ciclo: planta-flor- froito-semente-planta Máximo: polinización, fecundación, polen, estames, pistilos, ovario, etc Reproducción asexual: escallones, estolóns, bulbos, rizomas, etc. Etapas no crecimiento (observación das sementes ou allos plantados) Que necesitan para vivir? : terra, auga, aire, luz(sol) Uso das plantas: alimentación, medicinal, ornamental, tecidos, madeira...exemplos Tipos de plantas vídeoOu outras que vós queirades investigar.

Procurade que as fotos que me mandedes deste proxecto, estean dereitas e clariñas, pois quero unificar todo, para mandarvos o que fixeron os vossos compañeiros.